

Procedemento de inscrición e alta como participante

Trámites de inscrición:

- Solicitud de inscrición no Banco de Tempo. A solicitude de inscrición no Banco de Tempo realizarase no modelo oficial facilitado polo propio Banco ou polo Concello de Vilagarcía de Arousa. Este documento incluírá a solicitude para a entrevista inicial coa ou co Axente de Tempo
- Rexistro da solicitude de participación. A solicitude entregarase no Concello de Vilagarcía de Arousa ou na sede do Banco de Tempo para proceder ao seu rexistro.
- Entrevista inicial e valoración da idoneidade. O equipo coordinador encargarse da valoración da idoneidade a través da entrevista inicial tras a que a ou o Axente de Tempo emitirá un informe onde se resolverá positiva ou negativamente sobre a incrición no Banco de Tempo da persoa solicitante.
- Sinatura da carta de adhesión. Trala valoración positiva, a persoa solicitante cubrirá e asinará a carta de adhesión (anexo I) e a ficha de descrición do servizo (anexo II) e presentará unha copia do DNI, NIE, pasaporte ou calquera outro documento oficial acreditativo da súa identidade, así como a documentación xustificativa da capacidade de prestación do servizo que se oferte.
- Xestión de datos. Tódolos datos da Carta de Adhesión e ficha de servizos serán incluídos na aplicación informática que xestiona o Banco actualizándose en cada ocasión en que se produzan variacións dos mesmos.

Procedemento de baixa e variación de datos

A alta como participante no do Banco de Tempo é válida ata que remate o Banco, podendo podendo producirse as baixas ou suspensións seguintes:

- **Baixa voluntaria:** Esta baixa será solicitada pola persoa interesada e para formalizala deberá presentarse o documento oficial de baixa (anexo IV) no rexistro do Concello debidamente asinado que será facilitado polo ou pola Axente de Tempo. A persoa poderá volver a solicitar a súa inscrición no Banco cando así o desexe.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Concellería da Muller



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



- **Suspensión temporal voluntaria:** Sempre que unha persoa inscrita no Banco non estea dispoñible para ofertar ou recibir un servizo durante un tempo determinado, deberá cumprimentar o modelo oficial de suspensión temporal (anexo V) facilitado polo ou pola Axente de Tempo para interromper a súa actividade durante o período que necesite.

- **Baixa ou suspensión por sanción:** Esta baixa sería tramitada polo Banco de Tempo no caso de que se observasen anomalías, conflitos ou se recibisen queixas por parte doutras persoas adscritas ao Banco. O procedemento a seguir será o especificado no Capítulo V deste regulamento e poderá ser temporal ou definitiva. Neste último caso a persoa non poderá reincorporarse ao Banco de Tempo.